

Protocolo de Protección fronte á Violencia Sexual no Deporte

Nome da Entidade:


FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO

Data de aprobación

polo órgano de goberno da entidade:

28/03/2026

Sinatura do responsable da entidade:



Descrición da actividade deportiva:

A Federación Galega de Baile Deportivo (FGBD) é o organismo encargado de regular, promover e fomentar a práctica do baile deportivo en Galicia. A súa actividade inclúe a organización de campionatos, formación de deportistas, promoción do baile en todas as idades e niveis, e representación do baile deportivo galego a nivel nacional e internacional.

PROTOCOLO PARA A PROTECCIÓN DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES (NNA) FRONTE Á VIOLENCIA NO DEPORTE EN GALICIA	
ENTIDADE	FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO
DIRECCIÓN	C/ Lugo nº3 1º
LOCALIDADE	CEE (A CORUÑA)
NIF	G10883999
TELÉFONO DE CONTACTO	623035232
CORREO ELECTRÓNICO	fgbailedeportivo@gmail.com
PERSONA DELEGADA DE PROTECCIÓN DE NNA	Nome e apelidos:
	MARÍA TERESA OLMEDO BUTLER
VIXENCIA DENDE	Data designación:
	02.07.2025
VERSION	03.11.2025
DATA PRÓXIMA REVISIÓN (máx 2 anos)	1
SINATURA DO RESPONSABLE DA ENTIDADE	03.11.2027

Adaptado á L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia y L.O 10/2022 de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

Aprobado por la Asamblea General de fecha. 28/03/2026. e pola **Secretaría Xeral para o Deporte, o**
XXXXXXXXXX.

Sumario

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN LEGAL
2. OBXECTIVOS
3. ÁMBITO DE APLICACIÓN
4. DEFINICIÓN DE CONCEPTOS CLAVE
 - Violencia sexual
 - Acoso sexual
 - Consentimento
5. ÓRGANOS DE PROTECCIÓN
 - A Persoa Delegada de Protección
 - O Comité Asesor
6. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO DE VIOLENCIA
 - Iniciación do procedemento
 - Reunión do Comité Asesor
7. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E FORMACIÓN
8. CONFIDENCIALIDAD E PROTECCIÓN DE DATOS
9. REVISIÓN E VIXENCIA PROTOCOLO
10. ANEXOS.

ANEXO 1.- Designación la persoa Delegada de Protección de NNA.

ANEXO 2.- Comunicación de situación de violencia.

ANEXO 3.- Folla de compromiso fronte á violencia - Entidade

1. INTRODUXIÓN E XUSTIFICACIÓN LEGAL

O presente protocolo elabórase coa finalidade fundamental de establecer un marco de actuación claro, rigoroso e eficaz para a prevención, detección e intervención ante calquera forma de violencia sexual que poida producirse no ámbito da Federación Galega de Baile Deportivo e das entidades que a integran.

Este documento nace da obriga legal e ética de garantirun contorno seguro, respectuoso e libre de violencia para todas as persoas que participan nas nosas actividades, con independencia da súa idade, xénero ou calquera outra circunstancia persoal. A súa redacción toma como base as directrices da **Lei Orgánica 8/2021 de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI)**, e da **Lei Orgánica de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, estendendo a súa protección a todas as persoas, tanto menores como maiores de idade.

A Federación Galega de Baile Deportivo asume o compromiso de tolerancia cero fronte á violencia sexual, promovendo unha cultura do bo trato, o respecto á dignidade e a protección da integridade física e moral de deportistas, persoal técnico, directivo, voluntario e calquera uotra persoa vinculada á nosa actividade.

2. OBXECTIVOS

Obxectivos Xerais.

- Protexer e preservar a integridade e a liberdade sexual de todas as persoas no ámbito do baile deportivo en Galicia, fronte a calquera forma de violencia sexual, incluídas as que se poidan producir a través de medios dixitais.
- Crear un contorno seguro e protector no que todas as persoas se sientan respectadas

Obxectivos Específicos

- Establecer pautas concretas de actuación para a prevención, detección precoz e intervención ante situacións de violencia sexual.
- Delimitar os deberes de comunicación e actuación das diferentes persoas que interveñen nas actividades deportivas (deportistas, adestradores/as, xuíces/zas, directivos/as, etc...)
- Garantir o dereito das vítimas a seren escoitadas, protexidas e atendidas, evitando en todo caso a victimización secundaria.
- Fomentar a formación e sensibilización de todos os estamentos da federación para erradicar conductas e actitudes que poidan dar lugar a situación de violencia sexual.
- Implementar sistemas de seguimento e avaliación que permitan unha mellora continuana eficacia deste protocolo

3. ÁMBITOS DA APLICACIÓN.

Este protocolo será de aplicación en todas as actividades organizadas, promovidas ou tuteladas pola FGB.D, incluíndo adestramentos, competición, concentración, viaxes e calquera outro evento relacionado.

Aplicarase a **todas as persoas** vinculadas á FGBD, independentemente da súa relación contractual ou federativa:

- Deportistas (menores e maiores de idade)
- Persoal técnico
- Xuíces/zas e persoal auxiliar.
- Persoal directivo e membros de órganos federativos
- Familias e representantes legais de deportistas menores de idade.
- Voluntariado e persoal en prácticas.

4. DEFINICIÓN DE CONCEPTOS CLAVE

Para os efectos deste protocolo, enténdese por:

- **Violencia sexual:** Calquera acto de natureza sexual no consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito. Inclúe a agresión sexual, o acoso sexual e a explotación sexual.
- **Acoso sexual:** Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.
- **Consentimento:** O consentimento debe ser libre, específico, informado e inequívoco. Só se entenderá que hai consentimento cando se manifestou libremente mediante actos que, en atención ás circunstancias do caso, expresen de maneira clara a vontade da persoa.

5. ÓRGANOS DE PROTECCIÓN

Para abordar las situaciones de violencia sexual, a Presidencia da Federación Galega de Baile Deportivo nomeará os seguintes órganos:

5.1 Persoa Delegada de Protección (DP)

Una persoa escollida entre persoas próximas aos/ás deportistas, coñecedoras de contorna deportiva, con formación e con especial sensibilidade e capacidade de comunicación. A súa función principal será recibir as comunicación sobre este tipo de situación e tramitar o procedemento previsto neste protocolo. Tamén se encarga de deseñar estratexias de prevención, difusión e formación, de deportistas, profesionais e familias, sobre a protección fronte á violencia sexual.

A designación desta figura responde ás disposición da CSD en materia protección contra a violencia sexual e a obrigatoriedade recollida no **Artículo 48 de la Lei Orgánica 8/2021 de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI)**. As súas función abranguen previr, detectar, formar, acompañar, asesorar e poner en coñecemento, interna e externamente cando sexa precisa, calquera situación de violencia.

5.2 Comité Asesor.

Estará integrado pola Presidencia de la Federación e dous/tres membros máis da FGBD, preferentemente con coñecementos en Dereito, Psicoloxía ou Medicina. A súa función será valorar os informes emitidos pola Persoa Delegada de Protección e adoptar as medidas oportunas.

6. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO DE VIOLENCIA

6.1. Iniciación do procedemento.

O procedemento iniciase coa comunicación verbal ou escrita formulada pola vítima o seu representante legal, ou calquera persoa que teña coñecemento da situación de violencia á Persoa Delegada de Protección.

- Se a comunicación fose verbal, procurarase a súa ratificación posterior por escrito.
- A FGBD habilitará unha canle de comunicación segura e confidencial para este fin, como o correo electrónico de la Persoa Delegada de Protección
- A Persoa Delegada de Protección poñerá inmediatamente en coñecemento da Presidencia da Federación e solicitará a maior información posible para efectuar unha primeira valoración. Para tal efecto, entrevistará as persoas afectadas: denunciante, denunciado/a, presunta vítima o testemuñas se as houbese.
- Dentro del prazo de 10 días naturais desde o coñecemento dos feitos, a Persoa Delegada de Protección deberá elaborar un informe coa súa correspondente valoración e proposta de actuación e remitirlo ao Comité Asesor.
- A indagación deberá realizarse de acordo cos principios de confidencialidade, imparcialidade, celeridade, prudencia e coa máxima sensibilidade e respecto polas persoas implicadas.
- Cuando as persoas implicadas sexan menores de idade, darase coñecemento das actuación ao Fiscalía de Menores y a seus proxenitores ou titores legais en todo momento, prevalecendo sempre o interesa superior do menor
- Se no momento da notificación o Delegado constata que os feitos, teñen un carácter leve, se poderá propoñer no informe, a corrección interna por parte da entidade deportiva con aplicación, no seu caso, dalgunha medida educativa ou correctiva.

En todo caso, farase un seguimento da vítima e valorarase a erradicación total e absoluta da violencia producida, así como a debida e adecuada reintegración do neno, nena ou adolescente á actividade.

6.2. Reunión do Comité Asesor

- O Comité Asesor deberá reunirse con carácter urxente, para avaliar o informe e a proposta da Persoa Delegada de Protección, que asistirá á reunión con voz pero sen voto.
- O Comité adoptará algunha das seguintes decisión **no prazo máximo de cinco días hábiles:**
 - A) Arquivar o caso por considerar que non existiu violencia
 - B) Se do informe puidesen derivarse indicios de violencia, pero nos suficientes para determinar a súa existencia, acordará continuar o procedemento, designando como instructor/a a un dos seus membros, quen deberá realizar as actuación pertinentes para solicitar a posible información complementaria.

C) Ao remate de dita indagación, o/a instructor/a elaborará un informe que presentará ao Comité Asesor **dentro do prazo de cinco días hábiles**

D) No caso de que o Comité Asesor conclúise a existencia dun posible caso de violencia sexual, adoptará algunha/s das seguintes medidas:

- Acompañamento, apoio e asesoramento á persoa afectada.
- Comunicación dos feitos ao Xulgado de Garda ou á Fiscalía competente (de menores se é o caso)
- Adopción de medidas cautelares, como a prohibición de entrada nas instalacións adscritas a Federación e participación en competicións ou a suspensión de licenza federativa da persoa investigada.
- Calquera outra que, de acordó coa la xislación vixente, puidese ser de aplicación.

En cualquier caso, a vítima poderá exercer as actuacións pertinentes en defensa dos seus dereitos.

7. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E FORMACIÓN

1. **Certificado Negativo de Delitos de Natureza Sexual:** Será obrigatorio para todo o persoal (retribuído ou non).
2. **Formación:** A FGBD promoverá accións formativas anuais e obrigatorias para todos os seus estamentos sobre prevención da violencia sexual, bo trato e contido deste protocolo.
3. **Códigos de conducta:** Elaboraranse e difundiranse códigos de bo comportamento para deportistas, persoal técnico e directivo.
4. **Difusión:** O presente protocolo será publicado na páxina web da FGBD e difundido activamente entre todos os seus membros e nas redes sociais.

8. CONFIDENCIALIDAD E PROTECCIÓN DE DATOS

Todas as actuacións rexeranse polo principio de confidencialidade para protexer a intimidade, a honra e a imaxe das persoas implicadas. O tratamento de datos persoais realizarase conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018.

9. REVISIÓN E VIXENCIA.

O presente protocolo será revisado con carácter bienal ou sempre que se produzan cambios normativos que así o aconsellen, co fin de garantir a súa continua adecuación e eficacia.

RELACIÓN DE ANEXOS

ANEXO 1.- Designación la persoa Delegada de Protección de NNA.

ANEXO 2.- Comunicación de situación de violencia.

ANEXO 3.- Folla de compromiso fronte á violencia - Entidade

ANEXO 1.- Designación Persoa Delegada de Protección fronte á Violencia Sexual no Deporte (DP).

ENTIDADE: _____ Temp. 202_ /202_

D./D^a. _____, maior de idade, con DNI _____, na súa cualidade de Secretario/a da entidade _____, con domicilio en _____, CIF _____, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co N^o _____

CERTIFICO

Que aos efectos do cumprimento do Protocolo de Protección fronte á Violencia Sexual no Deporte, e das disposicións da LO 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia e L.O 10/2022 de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, designouse á persoa cuxos datos se relacionan a continuación como **DELEGADO DE PROTECCIÓN** da nosa entidade, ao considerar que ostenta os requisitos requiridos:

NOME	
DNI	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DIRECCIÓN POSTAL	
ENLACE WEB	

Se certifica igualmente que a persoa designada aceptou o nomeamento, co seu compromiso a desempeñar o cargo coa maior dilixencia e conforme ao contido do mencionado Protocolo.

E para que así conste e forneza aos efectos oportunos, firmo a presente en _____ a _____ de _____ de _____.

D/D^a _____

D/D^a _____

Secretario/a

Delegado de protección dos nenos, nenas e adolescentes

ANEXO 2.- Comunicación de situación de violencia.

DATOS DA PERSOA QUE COMUNICA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA			
ENTIDADE:			
NOME:			
DNI:		TELÉFONO:	
CORREO ELECTRONICO:			
DIRECCION:			
DATOS DO NNA QUE SUFRIU A SITUACIÓN DE VIOLENCIA			
NOME:			
ENTIDADE:			
DATOS CONTACTO:			
IDADE:		LESIÓNS	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
TIPO DE LICENCIA:	<input type="checkbox"/> XOGADOR/A <input type="checkbox"/> ADESTRADOR/A <input type="checkbox"/> STAFF TÉCNICO <input type="checkbox"/> ÁRBITRO/A <input type="checkbox"/> OUTRO/A		

DATOS DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA	
DATA na que ocorreron os feitos	
LUGAR onde se produciron os feitos	
¿Formulouse comunicación ás autoridades)	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI AUTORIDADE á que se lle comunicou _____
¿Produciuse durante un partido?	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI REFLECTIUSE NA ACTA ARBITRAL? <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> SI
Tipo de violencia	<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Psicolóxica <input type="checkbox"/> Insultos <input type="checkbox"/> Sexual <input type="checkbox"/> Redes Sociales <input type="checkbox"/> Imaxe/datos <input type="checkbox"/> OUTRA
DESCRIPCIÓN DA INCIDENCIA: (Indicar persoas implicadas, condutas observadas, documentos que se acompañan, persoas que presenciaron os feitos, datos de contacto de estes)	

ANEXO 3.- Folla de compromiso fronte á violencia sexual- Entidade.

ENTIDADE	
CIF	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DELEGADO DE PROTECCIÓN	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. Que a entidade comparecente declara expresamente coñecer o Protocolo para a Protección fronte á Violencia Sexual no Deporte, no que se establecen o conxunto de medidas e normas de actuación que serán de aplicación ás actividades deportivas organizadas e promovidas por esta.
2. Que a entidade comparecente cumprirá e fará cumprir as obrigas, compromisos e implementación das medidas de protección e prevención da violencia sexual, que se establecen na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPIVI), o Protocolo para a Protección fronte á Violencia Sexual no Deporte e no Protocolo para a Protección dos NNA nas actividades deportivas da entidade e nas que se diten polas autoridades correspondentes. Igualmente velará por que todo los membros da entidade teñan actualizado o Certificado negativo de Delitos de Natureza sexual e trata de seres humanos, adoptando as medidas disciplinarias e sancionadoras que correspondan en caso de incumprimento.
3. Que a entidade designará un Delegado de Protección fronte a violencia sexual (DP) que desempeñará as funcións e tarefas que se establecen en la ley e no mencionado Protocolo, especialmente as correspondentes á información e publicación dos datos de contacto, canais de notificacións e difusión controlada e reiterada da existencia dos mesmos e da forma de contactar en caso de situacións de violencia. Se informará a tódolos membros da entidade dos Códigos de conduta e recomendacións de boas prácticas, incluídos aos pais e nais dos NNA participantes, esixindo no seu caso o seu cumprimento.
4. Que a entidade comparecente se obriga a dar debida tramitación das incidencias, reclamacións, queixas, suxestións e notificacións que se formulen e a remitilas ás autoridades que correspondan e ao DP da entidade, derivando as mesmas, no seu caso e cando sexa aconsellable, ás canles de mediación que se establezan na entidade.

En _____, a _____ de _____ de _____

D. _____
Responsable da Entidade

D. _____
Delegado de Protección

